



**MARCOS MARIÑO  
VÁZQUEZ > saxofón**  
**SUSANA GARCÍA  
REGADÍO > piano**

### PROGRAMA

I

**Benedetto Marcello** (1686 - 1739)  
Concierto para oboe e corda  
*Andante spiccato*  
*Adagio*  
*Presto*

**Robert Schumann** (1810 - 1856)  
Fantasiestücke Op. 73  
*Zart und mit Ausdruck*  
(tenro e con expresión)  
*Lebhaft, Leicht*  
(vivo e lixeiro)  
*Rasch, mit Feuer*  
(rápido e fogoso)

II

**Franz Schubert** (1797-1828)  
Sonata Arpeggione D. 821  
*Allegro moderato*  
*Adagio*  
*Allegretto*

LUGO ★ CULTURAL



**MÚSICAS  
a carón da  
MOSQUEIRA  
2014**

## **Concerto para óboe e corda: Benedetto Marcello**

Benedetto Marcello (Venecia 1686- Brescia 1739). En do menor, o concerto é unha adaptación do Concerto en re menor de Alessandro Marcello (1669-1474) que foi a súa obra máis famosa, transcrita por J. S. Bach (BWV 974).

O descubrimento dunha edición deste concerto nunha colección aparecida en Amsterdam en 1717, permitiu restituír a obra ao seu verdadeiro autor: Alessandro Marcello, xa que anteriormente fóralle atribuída a Vivaldi e posteriormente a Benedetto Marcello.

## **Fantasiestücke Op. 73: Robert Schumann**

Robert Schumann (Zwickau, -Saxonia- 8 xuño de 1810-Endenich -Bonn- 29 xullo de 1856). A paráise dun dedo impulsouno cara á composición, e a partir da sentida morte de F. Mendelssohn, comeza o outono schumanniano, con alternancias de depresión e intensas creacións.

Esta obra foi composta o 11 e 12 de febreiro de 1849, en Dresden, estreándose ao público en Leipzig o 14 de xaneiro de 1850, logo dunha audición privada o 18 de febreiro, onde Clara, a súa dona e pianista excepcional, acompañou a un músico da Hofkapelle de Dresden. O seu manuscrito, conservado na Biblioteca Nacional de París, presenta abundantes retoques, e o seu título primitivo era de *Soiréestücke* ("Pezas para a tarde"). Está escrita para clarinete en La, timbre que preferían os músicos románticos da época en lugar do clarinete en sib.

Cada unha das pezas está construída en forma de lied con coda, sendo a segunda un scherzo e a terceira unha especie de variación con motivos da primeira e da segunda.

## **Sonata Arpeggione D. 821: Franz Schubert**

Franz Schubert (Viena, 31 xaneiro de 1797, Viena, 19 de novembro de 1828). Compón dende os 12 anos, favorecendo esta habilidade co estudo do órgano, piano, canto e harmonía. O seu círculo familiar tamén favoreceu a práctica da música de cámara, onde de neno tocaba o violín ou a viola nas sesións familiares, más adiante e como compositor, adquiriu o costume de acompañar aos seus irmáns ou amigos ao piano; por iso as primeiras composicións de entre 1812 e 1815 estiveron destinadas a veladas con amigos (*hausmusick*: "música para a casa", cuxa práctica se foi debilitando).

A súa producción camerística divídese en dous períodos: de 1812 a 1816, que comprende sobre todo once cuartetos, e de 1819 a 1828, onde as súas obras requieren formacións instrumentais diversas, na cal se incluirá esta obra.

Esta Sonata foi composta para promover as calidades dun instrumento derivado da viola da gamba: de tamaño como un violonchelo e con 6 cordas como a guitarra, foi posto a punto por un luthier vienes, Johann Georg Stauffer, que foi quen encargou a devandita peza en novembro de 1824. A primeira edición incluía transcripcións para violín e violonchelo, posteriormente houbo arranxos para guitarra e viola, incluso transcripcións orquestrais para a parte de piano.

É a única obra de todo o catálogo schubertiano que os violonchelistas poden atribuírse para si.

## **MARCOS MARIÑO VÁZQUEZ > saxofón**

Nace en Monterroso (Lugo) en 1981. Comeza a súa afición musical á idade de oito anos, na Banda de Monterroso, baixo a dirección de Manuel Gato Soengas. Dous anos máis tarde ingresa no Conservatorio Profesional de Grao Medio de Lalín, baixo as tutelas de Marcel van Bree e de Juan Carlos Mazás Sanmartín. Neste Conservatorio estuda saxofón con Narciso Pillo Guerreiro e Andrés Gómiz, e análise con Jorge Villarolla e Teodosio Ramírez.

Finaliza os seus estudos de Grao Medio en Lalín e os superiores no Conservatorio de Grao Superior de Música da Coruña, coas máximas cualificacións e con matrícula de honra no Concurso Fin de Carrera. Recibiu clases do profesor Narciso Pillo nas materias de saxofón e música de cámara, realiza un curso de dirección co profesor Jan Cober e un de perfeccionamento de saxofón con Antoni Cotanda. Con 14 anos entra como bolseiro na Banda Municipal de Lugo, aprobando a praza de funcionario (saxofón solista) aos 20. Dende 2007 é profesor de saxofón no Conservatorio Profesional de Música de Vigo e no Profesional "Xoán Montes" de Música de Lugo.

Forma parte do Cuarteto de Saxofóns da Coruña, co que editou recentemente un CD e foi membro cofundador xunto a Alejandro Cimadevila, Alberto Noguerol e Jorge García do Cuarteto Skirion, co que acaba de editar o CD *Recitation Book*. Na actualidade, compaxina a docencia no Conservatorio de Lugo coa colaboración con distintas agrupacións, como a Banda Sinfónica Municipal da Coruña, Banda Sinfónica de Galicia, Banda Sinfónica Municipal de Lalín, Orquestra Sinfónica de Galicia, o dúo Brillance xunto a Gabriel López Rodríguez, e o dúo de saxofón e piano xunto a Susana García Regadío.

## **SUSANA GARCÍA REGADÍO > piano**

Natural de Antas de Ulla, Lugo, comeza os seus estudos musicais á idade de 9 anos, no Conservatorio Profesional "Xoán Montes" de Música de Lugo, rematándos da man de Milagros Iglesias Prieto. Ese mesmo ano empeza a estudar no Conservatorio de Lalín coa pianista Ileana Cortizo Boza, ingresando ao tempo no Conservatorio Superior de música da Coruña con Julio Mourenza Torreiro. Rematados os estudos superiores inicia un Máster co pianista Leonel Morales. Recibiu cursos breves e clases asiduas de Ramón Méndez, Madalena Soveral, Cecilio Tieles, Ludovica Mosca, Leonel Morales, Eulalia Solé e Albert Atenelle.

Foi profesora de piano no Conservatorio Profesional de Música de Vilalba e dende o ano 2008 é profesora numeraria do Conservatorio Profesional "Xoán Montes" de Música de Lugo, onde desenvolve o labor de pianista acompañante, participando en concursos nacionais e ofrecendo recitais en diferentes salas, acompañando a solistas nacionais e internacionais, tanto da especialidade de saxofón como de fagot e canto.

Dende setembro de 2013 forma dúo de saxofón e piano co saxofonista Marcos Mariño.

## CUARTETO FRANCISCO DE GOYA

PABLO GUTIÉRREZ > violín | IRENE BENITO > violín  
MARTA MAYORAL > viola | ALEJANDRO MARÍAS > violonchelo

O Cuarteto Goya é unha agrupación nova e singular dentro do panorama camerístico español. A súa marcada personalidade como cuarteto de corda vén dada polos seus dous principios fundamentais: a recuperación, estudo e difusión do repertorio ibérico e a fidelidade á perspectiva histórica de cada obra.

Os membros do Cuarteto Goya son instrumentistas formados no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, ou Conservatorio Superior de Música de Aragón e a Escuela Reina Sofía que ampliaron os seus estudos en Francia, Suíza e Austria, especializándose na interpretación historicista da música de cámara. A día de hoxe, colaboran con algúns dos músicos e orquestras más prestixiosas do panorama internacional da música antiga.

## PROGRAMA

### O cuarteto de corda: de Madrid a Viena

I

**M. Canales** (1747-1786)  
Cuarteto Op. 3 nº 1, en mi bemol maior (1782)  
*Allegro maestoso*  
*Minuet*  
*Largo assai*  
*Presto*

II

**J.C. de Arriaga** (1806-1826)  
Cuarteto nº 1 en re menor (1823)  
*Allegretto*  
*Andante*  
*Allegro. Minuetto*  
*Allegro*

**W.A. Mozart** (1756-1791)  
Cuarteto nº 14, en sol mayor, K387,  
“da primavera” (1782)  
*Allegro vivace assai*  
*Menuetto*  
*Andante cantabile*  
*Molto allegro*

**LUGO CULTURAL**

**5 de maio > CASA DO SABER 20.00 h**

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

**MÚSICAS a carón da MOSQUEIRA 2014**

**USC**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DEPUTACIÓN DE LUGO**  
VICEPRESIDENCIA PRIMERA

**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

**Cultura e Turismo**

Colabora: **Clásicos en ruta**

www.lugoculturale



#### PABLO GUTIÉRREZ > VIOLÍN

Madrid, 1983. Comeza a súa educación musical no Conservatorio de Alcalá de Henares. Comeza a interesarxe pola interpretación historicista con instrumentos de época, no mesmo ano da súa graduación no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid coas máis altas cualificacións. Froito deste interese, e baixo a tutela do director de orquestra Philippe Herreweghe e de violinistas como Hiro Kurosaki, Alessandro Moccia ou Enrico Onofri, especialízase na interpretación de repertorio clásico e romántico con instrumentos de época no “Centre européen de recherche et de pratique musicales” en Saintes (Francia). Traballou con músicos como Sigiswald Kuijken, Lucy Van Dael, Robert Levin, Bruno Weil ou Marc Minkowski nalgúns das salas-concerto e festivais más importantes de Europa e con solistas do nivel de Bryn Terfel, Anne Sophie von Otter, Natalia Schutzman entre outros. Colabora asiduamente con L’Orchestre de Chambre de Toulouse nos seus programas barrocos e clásicos con instrumentos históricos. É membro fundador da nova agrupación Orquestra de la Madonnina del Giardino creada por Philippe Herreweghe. Na actualidade, especialízase baixo a tutela do prestixioso músico Gilles Colliard no CSR de Toulouse (Francia).

#### IRENE BENITO > VIOLÍN

Santander, 1985. Comeza os seus estudos de música baixo a dirección de América Fernández e Paula Bolado. Fórmase no




Conservatorio Jesús de Monasterio de Santander, e ao mesmo tempo con Jorge Nicolescu e Catalin Bucataru. Entre 2004 e 2007 é alumna de Zakhar Bron e Yuri Volguin na Escola Superior de Música Reina Sofía, e en 2009 termina os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Madrid baixo a dirección de Juan Llinares. Fórmase desde entón baixo a dirección de Sergei Fatkulín. Foi bolseira pola Fundación Albéniz, o Goberno de Cantabria e a Fundación Marcelino Botín. Participou en citas como o Festival Portugal- 2004, o Encuentro de Música y Academia de Santander, ou o Schleswig Holstein Musik Festival, traballando con directores como Mikhail Pletnev, Herbert Blomstedt, Antoni Ros Marbá, Joseph Wolfe, Jordi Savall, José Luis López Cobos ou Sir Colin Davis. En 2011 e 2012 foi profesora de seccións de corda na Joven Orquesta Sinfónica de Cantabria.

Actualmente afonda no estudo da interpretación con instrumentos orixinais baixo a dirección de Gilles Colliard no Conservatoire National de Région de Toulouse. É profesora do Conservatorio de Torrelavega (Cantabria).

#### MARTA MAYORAL > VIOLA

Obtén o título de profesora Superior de Violín no Conservatorio “Padre Antonio Soler” (San Lorenzo do Escorial) en 2001 e o Título Superior de Violín Barroco no Real Conservatorio Superior de Madrid en 2013. Tras concluír estudos de perfeccionamento na Escola Superior de Música Reina Sofía co



mestre Zakhar Bron, amplía os seus estudos en Holanda, obtendo o *Bachelor in Music* nas especialidades de Violín e Pedagoxía no Koninklijk Conservatorium (Conservatorio Real da Haia) e o Prins Claus Conservatorium, logo de estudar cos profesores Coosje Wijzenbeek, Ilona Sie Dhian Ho e Florian Donderer. Desenvolveu tamén a súa actividade musical no ámbito da música antiga, cursando estudos de violín barroco con Hiro Kurosaki no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e con Antoinette Lohmann no Conservatorio de Utrecht. Colabora asiduamente con diversas formacións instrumentais de interpretación histórica como *La Real Capilla de Madrid*, *Sphera AntiQva*, *La Tropa Barroca*, *Zarabanda*, *La Spagna*, ou *Aktuell Ensemble*. Así mesmo, cursou estudos de posgrao no Departamento de Música Antiga do Conservatorio de Toulouse (Francia) co violinista Gilles Colliard. Formou parte da Orquesta de Cámara da Escola Reina Sofía e foi concertino da Orquesta Sinfónica de Estudiantes da Comunidade de Madrid.

Tamén formou parte doutras orquestras en España, Alemaña e Holanda. Ofreceu numerosos concertos en diversas salas europeas. Como intérprete de música de cámara participou en diversos grupos como o *Trío Chagall*, *Cuarteto Granados* e colaborou con outras formacións tanto en España como Holanda. Formou parte do *Trío Esterhazy*, xunto ao pianista Ignacio Prego e o violoncellista Josetxu Obregón, agrupación coa que realizou xiras en colaboración con Juventudes Musicales de España.



#### ALEJANDRO MARÍAS > VIOLONCELLO

Madrid, 1984. Iniciou os seus estudos de violoncello con Mariló Cuesta, Enrique Correa e María de Macedo. Recibiu clases dalgúns dos mellores violoncellistas do mundo. Obtivo o título Superior de Violoncello no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, baixo a tutela de Miguel Jiménez e de Josetxu Obregón, e un ano máis tarde foi licenciado en viola da gamba polo mesmo conservatorio madrileño como discípulo de Pere Ros. Cursou a Formation Supérieure au métier de l’Orchestre Classique et Romantique no Centre européen de recherche et pratique musicales (Saintes, Francia), onde se especializou na interpretación historicista do repertorio clásico e romántico con instrumentos orixinais. Foi membro da *Jeune Orchestre Atlantique* (2006-2009), da *Académie Baroque Européenne d’Ambronay* (2010) e da *Orchestre Français des Jeunes* (2010). En 2011 obtivo o Máster de Concierto en violoncello barroco do Conservatorio de Xenebra. Realizou actuacións en España, Portugal, Suíza, Francia, Bélxica, Bulgaria, Israel, Alxeria, Arxentina e Bolivia.

É director artístico do conxunto barroco *La Spagna* e toca habitualmente en grupos como *Zarabanda* ou *Sphera AntiQva*.

Gravou en concuntos de cámara para os selos Warner e Columna Música, así como para diversas cadeas de radio e televisión de Europa e América.

100 aniversario

# Paul Tortelier

**Paul Tortelier** naceu en París en 1914 e con 6 anos comezou a estudar violonchelo con profesores particulares para logo pasar ao Conservatorio parisino aos 12 anos. Con 16, gañou o primeiro premio do centro interpretando o concerto para violonchelo de Elgar e, ao ano seguinte, debutou coa Orquestra Lamoureux interpretando o concerto para violonchelo de Lalo. En 1935 entrou como 1º chelista na Orquestra Filarmónica de Montecarlo coa que interpretou a parte solista do Don Quixote de Richard Strauss baixo a dirección do propio compositor, obra que formou parte importante do seu repertorio artístico. Posteriormente formou parte da Orquestra Sinfónica de Boston e da Orquestra da Sociedade de Concertos de París. En 1950 coñeceu a Pau Casals, o artista que, segundo o propio Tortelier declarou, máis influiu na súa carreira. Faleceu preto de París aos 76 anos.

Como compositor, destacan o seu concerto para dous violonchelos e orquestra, a suite para violonchelo en Re, a Sinfonía Israel (áinda que católico, Tortelier viviu uns anos nun kibbutz israelí) e unha serie de variacións para violonchelo e orquestra.

## Programa

**M. Ravel (1875 - 1937)**  
Preludio e Fuga

**A. Vivaldi (1678 - 1741)**  
Concerto para dous violonchelos e orquestra RV513

**G. F. Händel (1685 - 1759)**  
Trio Sonate para dous chelos e continuo, Orquestración. P. Tortelier

**P. Tortelier (1914 - 1990)**  
Valse "Alla Maud" para dous chelos e Orquestra

\* CULTURAL

LUGO

## MÚSICAS a carón da MOSQUEIRA 2014

[www.lugocultural.es](http://www.lugocultural.es)

100 aniversario

# Paul Tortelier

Orquestra do Espazo  
de Cámara da USC

Bárbara Switalska e Thomas Piel, violonchelos  
Mario Diz, director

Luns 28 de abril

Círculo das Artes 20:30 h  
LUGO

**ENTRADA LIBRE**



Colabora:

## Bárbara Switalska

Naceu en Wrocław e comezou a estudar violonchelo aos seis anos cos profesores Stanislaw Malek e Feliks Tatarczyk. Entre 1991 e 1995 estudiou na Escola Superior de Música Raíña Sofía en Madrid, onde foi galardoada coa mención de honor nos cursos 1992/93 e 1993/94, sendo alumna de Iván Monighetti. Participou nas clases maxistrais de Natalia Gutman e Franz Hemerson. Gañou o concurso nacional de violonchelo do seu país en 1989, e nese ano e en 1990, o primeiro premio do Concurso Nacional de Cámara. En 1992 obtén o segundo premio no certame Nicanor, premio especial como alumna máis destacada da devandita institución. En España, actuou no Auditorio Nacional da Música, no Centro Cultural CaixaNova, na Fundación Juan March, no Museo do Prado, etc. Na actualidade é violonchelista coprincipal da Real Filharmonía de Galicia.

## Thomas Piel

Nace en Colonia (Alemaña), comeza os seus estudos musicais no conservatorio da súa cidade natal e continúa a súa formación na Folkwang-Musikhochschule de Essen con Christoph Richter, onde no 2000 obtivo a súa diplomatura con honras. Posteriormente realiza un curso de postgrao con Ksenija Jankovich e asiste a clases maxistrais con M. Carneiro, E. Chiffoleau, S. Palm, T. Demenga e, no Folkwang-Festival, con M. Rostropovich. Colaborou coa Junge Deutsche Philharmonie e o Ensemble Resonanz. En 1998 foi cofundador do ensemble “eMeX”, especializado en música contemporánea. Foi primeiro violoncello solista da Westphälische Kammerphilharmonie Gutersloh entre 1997 e 2001, e participou na academia orquestral do Bayrischer Rundfunk baixo a dirección de M. Rostropovich. O seu interese polos grandes chelistas do pasado levouno a facer recitais e conferencias sobre Gaspar Cassadó, Pau Casals, Enrico Mainardi e Paul Tortelier. Actualmente ensina violonchelo na Escola de música Berenguela en Santiago de Compostela.

## Orquestra do Espazo de Cámara

O “Espazo de Cámara” da USC nace co obxectivo de impulsar nos mozos universitarios e, por extensión na cidadanía de Compostela, un proxecto educativo e cultural onde o eixo fundamental é a música.

Co patrocinio da Vicerreitoría de Cultura, o grupo que conforma a Orquestra da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Mario Diz, procura de maneira prioritaria a formación musical dos seus membros que, semana tras semana, adquieren un maior compromiso co estudio e a difusión dos valores da música. Para este fin, conta e agradece todo tipo de colaboracións, que se van plasmando de xeito diverso en cada proxecto.

Dende o 2010 a Orquestra da Universidade afondou en proxectos tan ilusionantes como o aniversario de Debussy co concerto de Arpa e Orquestra do mesmo autor interpretado pola solista Reyes Gómez especialmente convidada para este evento, o Concerto de Haydn en Re interpretado por Carlos G. Amigo, monográfico sobre Astor Piazzolla e sobre a música galega onde o solista Gregori Nedobora interpretou o concerto do violinista galego Manuel Quiroga. Participa tamén nas Xornadas de Música Contemporánea de Santiago de Compostela incorporándose ao

proxecto diversos profesores da Orquestra da Cidade, Real Filharmonía de Galicia, así como profesores relevantes do ámbito musical galego.

Recentemente a Orquestra do Espazo de Cámara foi incluída na rede de Orquestras Universitarias Europeas, ENUO, onde participan orquestras de más de 28 nacionalidades de toda Europa.

### Integrantes:

- Ana Vieira
- Andrea Irimía
- Antonio Cabrera
- Brais Palmeiro
- Carla Blanco
- Clara Copena Amigo
- Daniel López
- Elena Arguedas
- Eva López
- Iria Salvadó
- Lara Guerra
- Laura García
- Laura Limés
- Manuel Fernández
- Marcos Rodríguez-Abella
- María del Carmen Estévez
- María Seoane
- Miguel Reyes
- Sandra Viz
- Tania Viqueira

MARC HEREDIA > piano

## PROGRAMA

I

**Frédéric Chopin** (1810-1849)  
Nocturno en si bemol menor op. 9 nº1  
Nocturno en do sostenido menor op. Post  
Nocturno en sol menor op. 37 nº1  
Nocturno en do menor op. 48 nº1

II

**Richard Wagner** (1813-1901)  
**Franz Liszt** (1811-1886)  
Isoldens Liebestod aus Tristan und Isolde S.447, R.280  
Overtüre zu Tanhäuser S.442

**Federico Mompou** (1893-1987)

Paisajes

- I *La fuente y la campana*
- II *El lago*
- III *Carros de Galicia*

## PRÓXIMOS CONCERTOS

Luns, 5 de maio

CUARTETO  
FRANCISCO DE GOYA  
PABLO GUTIÉRREZ, violín  
IRENE BENITO, violín  
MARTA MAYORAL, viola  
ALEJANDRO MARÍAS,  
violonchelo  
O cuarteto de corda >  
de Madrid a Viena

Obras de >  
M. Canales,  
W. A. Mozart e  
J. C. de Arriaga

Luns, 12 de maio

THOMAS PIEL,  
violonchelo  
EMMANUELLE  
JANISZ, piano  
Concerto dedicado  
á memoria de Paul  
Tortelier no centenario  
do seu nacemento  
Obras de >  
C. Debussy,  
G. Faure,  
C. Saint-Saëns e  
P. Tortelier

Mércores, 11 de xuño

MARCOS MARIÑO  
VÁZQUEZ, sasofón  
SUSANA GARCÍA  
REGADÍO, piano  
Obras de >  
Benedetto Marcello,  
Robert Schumann e  
Franz Schubert

**LUGO CULTURAL**

**18 de marzo > CASA DO SABER 20.00 h**

**ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO**

**MÚSICAS a carón da MOSQUEIRA 2014**

**U<sub>SC</sub>** **DEPUTACIÓN DE LUGO** **Concello de Lugo** **Cultura e Turismo**

Colabora: **Clásicos en ruta**

www.lugoculturales.es



**MARC  
HEREDIA >  
piano**

Marc Heredia iniciou os seus estudos de piano á idade de tres anos coa profesora Trini Ramírez e continuou a súa formación con Cecilio Tieles con quen concluíu o Grao Superior de Piano coa máxima cualificación, no Conservatorio Superior de Música do Liceu. Tamén recibiu clases do pianista José Enrique Bagaría. Máis tarde, entre os anos 2008 e 2012 continuou formándose na Escuela Superior de Música Reina Sofía cos profesores Dimitri Bashkirov, Denis Lossev, e Claudio Martínez Mehner.

Actualmente cursa un Master of Arts na Hochschule für Musik de Basilea, Suíza, co profesor Claudio Martínez Mehner.

Realizou clases maxistrais con importantes pianistas como Lang Lang, Ferenc Rados, Joaquín Soriano, Josep Colom, Joaquín Achúcarro,

Pavel Gililov, Mikhail Voskresensky, e co director Antoni Ros Marbà.

Foi bolseiro por AIE, Asociación de Artistas Intérpretes ou Executantes, a Fundación Albéniz, e a Generalitat de Cataluña.

Actuou en importantes salas como o Auditorio Nacional e a Fundación Juan March de Madrid, o Auditori de Barcelona, o Palau de la Música de Barcelona, o Claustro de Sant Domènec de Peralada, o Auditori Pau Casals de El Vendrell, así como noutras salas de Francia, Suíza e España.

Como solista con orquestra, actuou en importantes salas como a Sala Mozart do Auditorio de Zaragoza ou o Palacio de Congresos de Madrid entre outras, xunto a orquestras como a Orquesta JMJ, Joven Orquesta Sinfónica de Soria, Orquesta Conjunt XXI, etc.

Tamén actuou en festivais como o ciclo *Solistas del s. XXI* no Auditorio Sony de Madrid, no marco do programa radiofónico *Los conciertos de Radio Clásica*, o festival *Conciertos de media noche tempada* 2012 de Sitges, o Fórum Santa Cristina d'Aro dentro das tempadas 2010 e 2011, o Festival de Otoño Ribermúsica ou os *30 minutos de música en La Pedrera* do Festival Mas i Mas.

Foi premiado en numerosos concursos nacionais e internacionais entre os que destacan os seguintes: 1º premio na categoría de música catalá contemporánea e na modalidade de cámara no concurso "Patronato del Arjau" (2001 e 2002, e 2003 e 2008 respectivamente), 1º premio no Concurso Instrumental Sant Anastasi de Lérida (2001 e 2003), 1º premio e Premio do Público no Concurso Internacional de Piano Eugenia Verdet

(2008), 1º premio na categoría solista do Concurso Internacional de Jóvenes Intérpretes de Les Corts (2008).

Os seus concertos foron gravados e emitidos repetidas veces polas radios Radio Clásica e Catalunya Música, así como tamén apareceu en varias ocasións nas diferentes televisións españolas.

SAMUEL DIZ SIERPES > guitarra

## PROGRAMA

(Duración estimada: 65 minutos, con comentarios entre as obras en base ao texto adxunto)

**Francisco Tárrega** (1852 - 1909)

*Preludio V · Adelita · Gran Vals*

**Manuel de Falla** (1876 - 1946)

*Homenaje pour 'Le tombeau de Claude Debussy'*

**Rosa García Ascot** (1902 – 2002)

*Española*

**Jesús Bal y Gay** (1905 - 1993)

*Pastoral*

**Fernando Bude** (n. 1980)

*Nocturnal (Bal y Gay)*

**Federico García Lorca** (1898 - 1936)

*Cinco Canciones Españolas*

**Frederic Mompou** (1893 - 1987)

*Suite Compostelana*

I.- Preludio

II.- Coral

III.- Cuna

IV.- Recitativo

V.- Canción

VI.- Muiñeira

"Empieza el llanto de la guitarra. Se rompen las copas de la madrugada.

Empieza el llanto de la guitarra. Es inútil callarla"

[Extracto La Guitarra – Federico G. Lorca]

## PRÓXIMOS CONCERTOS

Martes, 18 de marzo

MARC HEREDIA, piano  
Obras de >  
F. Chopin,  
Frederic Mompou e  
Wagner/Liszt

Luns, 5 de maio

CUARTETO  
FRANCISCO DE GOYA  
PABLO GUTIÉRREZ, violín  
IRENE BENITO, violín  
MARTA MAYORAL, viola  
ALEJANDRO MARÍAS,  
violonchelo  
*O cuarteto de corda >*  
*de Madrid a Viena*

Luns, 12 de maio

THOMAS PIEL,  
violonchelo  
EMMANUELLE  
JANISZ, piano  
*Concerto dedicado*  
*á memoria de Paul*  
*Tortelier no centenario*  
*do seu nacemento*

Obras de >  
C. Debussy,  
G. Faure,  
C. Saint-Saëns e  
P. Tortelier

# \* CULTURAL

LUGO



www.lugoculturales.es

11 de febreiro > CASA DO SABER 20.00 h ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

MÚSICAS a carón da MOSQUEIRA 2014

U.S.C. UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DEPUTACIÓN DE LUGO VICEPRESIDENCIA PRIMERA CULTURA E TURISMO Concello de Lugo Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua Colabora: Clásicos en ruta AIE

## COMENTARIOS

### AO PROGRAMA >

Baixo o letargo romántico que durante décadas se apoderou do repertorio da guitarra e os seus intérpretes, liderado polo intimismo de Francisco Tárrega é, o seu discípulo, o guitarrista catalán Miquel Llobet, o encargado de estrear a *Homenaje pour 'Le tombeau de Claude Debussy'* de Manuel de Falla. Esta obra, publicada na revista parisina *La Revue musicale* en decembro de 1920, transforma o son do instrumento no símbolo modernista nacional que as artes plásticas demandan desde comezos de século.

Nese continuo diálogo interdisciplinario, cabe destacar o cadro *El viejo guitarrista* (1903), ou a escultura cubista *Guitarra* (1912) de Pablo Picasso, artista que curiosamente non coñece ao compositor gaditano ata uns meses antes da publicación da súa única obra para guitarra. Atópase reflectida na carta datada en abril de 1919 enviada a Sergei Diaghilev, creador e alma dos Ballets Rusos, quen prepara por aquel entón a estrea de *El sombrero de tres picos*: “*Recuerdo muy bien el día –en el Palace [de Madrid]– en que hemos hablado Picasso y yo de tenerle con nosotros*”.

A personalidade de Falla impregna dunha nova cor a vida musical española, en especial, a do grupo de compositores vinculados á Residencia de Estudiantes, onde en 1930, se presenta o *Grupo de los Ocho*, con Rosa G. Ascot ao piano, única representante feminina, e discípula do propio Falla. É aí, na Residencia de Lorca, Dalí ou Buñuel, onde o lucense Jesús Bal y Gay entra

en contacto coa clase intelectual da época, coñecendo á propia Rosita, con quem contrae matrimonio en 1933.

Esa profunda busca das posibilidades e recursos do instrumento detona nun novo repertorio, asinado por compositores non guitarristas. Un destes cúlmenes queda reflectido na monumental *Suite Compostelana* do pianista e compositor barcelonés Frederic Mompou. Escrita a comezos da década dos sesenta para Andrés Segovia, a obra nace como unha homenaxe directa á capital galega, meta peregrina que o pianista e compositor barcelonés coñece á perfección, a partir do seu continuo maxisterio nos cursos de Música en Compostela.



Tui  
(Pontevedra)  
1986

O guitarrista Samuel Diz, gradúase no ano 2009 no Conservatorio Superior de Música “Manuel Castillo” de Sevilla baixo a dirección de Gaëlle Solal.

Amplía a súa formación artística cos guitarristas Alen Garagic e Daekun Jang, xunto ao maxisterio de José Luis Rodrigo nos Cursos de Música en Compostela, onde recibe o Premio “Andrés Segovia - J. M. Ruiz Morales” no ano 2011. Completa os seus estudos na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, e na actualidade é director artístico de Música no Claustro, festival de carácter anual que organiza a S. I. Catedral de Tui.

Actuou en diferentes países, destacando a súa presentación en The Council on Latin American and Iberian Studies –CLALIS– da Universidade de Yale (EE UU); ou no Harare International Festival of the Arts –HIFA–, evento que reúne a máis de 60.000 asistentes na capital de Zimbabwe, sendo o único representante español nas últimas dúas edicións.

Comprometido coa recuperación e dinamización do patrimonio musical galego, presenta en decembro de 2012 *Guitarra Clásica Galega*, un traballo discográfico que recorre o pasado, presente e futuro do

instrumento na cultura galega, editado polo selo Ouvirmos, co apoio da Xunta de Galicia a través da súa Axencia das Industrias Culturais –AGADIC– e a Secretaría de Cultura.

As recuperacións e estreas absolutas de obras históricas inéditas, como a colección de valses *Violetas* de José Fernández Vide (Ourense, 1893 - 1981), ou a *Pastoral* para guitarra de Jesús Bal y Gay (Lugo, 1905 - Madrid, 1993), dan paso á nova creación contemporánea coa comisión ex professo a Fernando Buide (Santiago de Compostela, 1980), nacendo así o *Nocturnal* (Bal y Gay). En palabras do musicólogo Leopoldo Neri: “este crisol calidoscópico de pezas para guitarra, tan esplendidamente interpretadas por o tudense Samuel Diz, desvélanos un íntimo e sensual espazo da historia musical galega (sendo un primeiro paso na recuperación da tradición guitarrística da devandita rexión) e, á vez, o vigor compositivo dos nosos días”.

No ano 2011 a Casa de la Provincia de Sevilla edita a súa investigación sobre a figura e gravacións históricas de Juan Antonio Torres (Premio Nacional da Música, 1973), no disco recompilatorio *Sonidos de una Juventud*, recibindo a Insignia de Ouro de “Temas Sevillanos”, en recoñecemento ao seu traballo en prol da cultura sevillana.

Crea e dirixe a producción multidisciplinaria *On the Road*, coa colaboración do compositor Hermelindo Ruiz, a bailarina Gisela Creus e o ilustrador Álvaro Reinoso. Un traballo inspirado na experiencia vivida durante unha estancia na illa de Porto Rico, e presentado no Festival de Creación Emergente de Barcelona –nunOff– en xullo de 2012.

JOAN TORMO > clarinete  
ANTONIO ORTIZ > piano

## PROGRAMA

### I

**Alban Berg** (1885-1935)  
Catro pezas para clarinete e piano,  
op. 5 (1913)  
I. *Mässig*  
II. *Sehr langsam*  
III. *Sehr rasch*  
IV. *Langsam* (8 min)

**Johannes Brahms** (1833-1897)  
Sonata para clarinete núm. 1 op. 120  
núm. 1  
I. *Allegro appassionato*  
II. *Andante un poco adagio*  
III. *Allegretto grazioso*  
IV. *Vivace* (23 min)

### II

**Salvador Brotons** (1959)  
Sonata para clarinete e piano, op. 46  
I. *Moderato*  
II. *Recitativo*  
III. *Allegro rítmico* (15 min)

**Francis Poulenc** (1899-1963)  
Sonata para clarinete e piano, op. 184  
I. *Allegro tristamente*  
II. *Romanza*  
III. *Allegro con fuoco* (15 min)

## PRÓXIMOS CONCERTOS

Martes, 28 de xaneiro

CARLOS GARCÍA AMIGO,  
violonchelo  
FERNANDO BUIDE  
DEL REAL, piano  
Beethoven. Sonatas para  
violonchelo e piano.  
Concerto 3

Mércores, 5 de febreiro

JUANJO DÍEZ, violonchelo  
GENARO FERNÁNDEZ,  
piano  
Beethoven. Sonatas para  
violonchelo e piano.  
Concerto 4

Martes, 11 de febreiro

SAMUEL DIZ SIERPES,  
guitarra  
Obras de >  
Francisco Tárrega,  
Manuel de Falla,  
Rosa García Ascot,  
Jesús Bal y Gay,  
Fernando Buidé,  
Federico García Lorca,  
Frederic Mompou



**LUGO CULTURAL**

**21 de xaneiro > CASA DO SABER 20.00 h**

**MÚSICAS a carón da MOSQUEIRA 2014**

**ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO**

**USC**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**DEPUTACIÓN DE LUGO**  
VICEPRESIDENCIA PRIMERA

**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

**Cultura e Turismo**

Colabora: **Clásicos en ruta** AIE

www.lugoculturales.es

## **JOAN TORMO > clarinete**



Nado en Valencia, o 1988. Iniciou os seus estudos musicais na Escuela de Música de la Unió Musical de Picanya, da cal é membro, sendo directores Miguel Morellà Asins e Javier Ricart Fons. Posteriormente, accedeu a cursar o Grao Medio no Conservatori Professional de Música de Torrent, tendo como profesor a Eduardo Ventura. Foi clarinete solista da Orquestra Simfònica del Conservatori Professional de Música de Torrent durante os dous últimos anos. Máis adiante, obtivo a primeira praza de acceso ao Conservatorio Superior de Música “Joaquín Rodrigo” de Valencia, onde estudou co catedrático José Cerveró. Foi neste mesmo ano cando ganou o VII Premio Vicent Galbis outorgado polo Concello de Torrent e o Conservatori Professional de Música de Torrent.

Desde o curso 2011-2012 é alumno da Escuela Superior de Música Reina Sofía, na Cátedra de Clarinete cos profesores Michel Arrignon e Enrique Pérez. Como alumno da Escola, forma parte da Orquesta de Câmara Sony, dirixida por Maximiano Valdés, e da Sinfónica Freixenet, baixo a batuta de Pablo González.

En xuño de 2012 recibiu de mans da Súa Maxestade a Raíña a Mención de Alumno más Sobresaliente da súa cátedra.

Así mesmo, realizou diversos cursos musicais con Rafael Albert, Enrique Pérez, Fabrizio Meloni, Nicolas Baldeyrou, Johannes Peitz, Javier Balaguer, Emilio Ferrando, Vicent Alberola e Alain Damiens así como tamén asistiu a clases maxistrais con Pascal Moraguès, Eduard Brunner, Josep Fuster, Joan Enric Lluna e Francisco Javier Ros. Realizou tamén cursos de música de cámara co Quinteto Cuesta. Recibiu clases de cámara impartidas polos profesores Klaus Thunemann, Jacques Zoon e Hansjörg Schellenberger.

Foi bolseiro pola empresa FERMAX SISTEMAS S.A. Foi membro da Banda da FSMCV. Formou parte da Orquesta Sinfónica del Conservatorio Superior de Música “Joaquín Rodrigo” de Valencia, da Jove Orquestra de la Generalitat Valenciana e é membro fundador do Quintet Più Forte. Ademais, colaborou coa Orquesta Nacional de España.

Como solista, en 2008 interpretou coa Orquestra Simfònica del Conservatori de Torrent o “Concierto para clarinete e orquesta” de Johann Stamitz, e en xuño de 2011 interpretou xunto á Orquesta de Valencia o “Concierto para sete instrumentos de vento solistas” de Frank Martin.

Foi finalista do Concurso Nacional de Jóvenes Intérpretes “Ciutat de Xàtiva” 2010. Co Quintet Più Forte ganou o 2º premio no I Concurso de Música de Câmara da M.I. Academia de la Música

Valenciana, así como foi finalista do I Concurso de Música de Câmara de Alzira e do XII Concurso de Música de Câmara das Juventudes Musicales de Vinaròs. Ganou o Concurso do I Clarinet Festival & Masterclasses “Ciutat d’Alcúdia”, impartido por Andrew Marriner. En 2013, obtivo o 2º premio no II Concurso Internacional de Clarinete de Lisboa.

Ademais, gravou en directo para Radio Nacional Clásica.

Durante o curso 2013-2014 realizará unha xira de concertos por España ao ser seleccionado por AIE (Ciclo AIEnRUTa-CLÁSICOS).

Por outro lado, é titulado en Enxeñaría Informática de Xestión.

## **ANTONIO ORTIZ > piano**



Naceu en Campillos (Málaga), 1980. Estudou na Cátedra de Piano Fundación Banco Santander da Escuela Superior de Música Reina Sofía, co profesor titular Dimitri Bashkirov e o profesor Claudio Martínez Mehner. Así mesmo, recibiu formación de Maria Françoise Buquet en París, de Josep Maria Colom en Alcalá de Henares e de José Felipe Díaz no Conservatorio Superior de Música de Málaga. Actualmente, compaxina a súa actividade de concertista coa docencia na Escuela Superior de Música Reina Sofía, como profesor pianista acompañante na Cátedra de Clarinete.

Regularmente é invitado a participar nos festivais españoles más importantes,

como os internacionais de Música e Danza de Granada ou de Lucena, Primavera de Sevilla, Millenium de Xixón, Rafael Orozco de Córdoba, Artes no Camiño, Encuentro de Música y Academia de Santander, e en prestixiosas salas como o Teatro Real, Auditorio Nacional de Música de Madrid, Palau de la Música de Barcelona, Gran Teatre del Liceu de Barcelona, Auditorio Manuel de Falla de Granada, Academia de Bellas Artes de San Fernando, Fundación Juan March de Madrid ou no Teatro de la Zarzuela de Madrid. Ademais de en España actuou en Francia, Italia, Rusia e Portugal e, como solista, coas principais orquestras españolas como a Orquesta Sinfónica de Radio Televisión Española, Joven Orquesta Nacional de España, Orquesta de Câmara de la Escuela Superior de Música Reina Sofía, Filarmónica de Málaga e Orquesta Presovem, baixo a dirección de James Judd, Aldo Ceccato, Bruno Aprea, Fusao Kajima, Darrel Ang, Francisco de Gálvez e Pablo Mielgo. Realizou gravacións para TVE, Radio Clásica de RNE e Catalunya Radio e, tras obter o Premio de Interpretación Musical Amigos del Colegio de España de París, editou un disco con obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Bartók e Prokofiev.